

Memoria dos foros participativos

Pacto Local polo Turismo Sostible
de Santiago de Compostela

Xaneiro de 2025

A TURÍSTICA

AS

ANTE

MESES

BISCOS

- Não Atinar ao (Fracasso) no investimento
- # Base Errada na repercussão
- Dificuldade na aplicação
- Penalizar a obtenção de Valor



Índice

1. Introducción	5
3. Resultados	14
4. Conclusiones	32
5. Anexos	34



1. Introducción

Santiago de Compostela, como cidade patrimonial da Unesco e meta de camiños, é un destino internacional de primeira magnitude. O turismo constitúe por tanto unha importante fonte de riqueza, crecemento económico e creación de emprego para a cidade, mais tamén un fenómeno que atravesa a vida cotiá da veciñanza e condiciona a propia forma urbana da capital de Galicia. Ambas as dúas dimensións, en toda a súa complexidade, precisan conciliarse.

O Concello e a Universidade de Santiago estamos a traballar conxuntamente na construción dun Pacto Local por un Turismo Sostible, en substitución do Consello Municipal de Turismo e co obxectivo de que sexa un marco de participación estable e sostido no tempo. Trátase de dotar a nosa cidade dun modelo de gobernanza turística de nova xeración que nos axude, contando cos distintos actores implicados e con toda a diversidade e pluralidade de perspectivas, a conciliar as potencialidades deste sector coas necesidades, as preferencias e o dereito á vida cotiá da cidadanía.

Este proxecto, enmarcado no Plan de Sostibilidade Turística que o consistorio está a desenvolver en colaboración coa Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria e Turismo, articúlase a través dun convenio entre o Concello e a Universidade que traballa tamén no cambio do modelo turístico e de desenvolvemento sustentable para todo o termo municipal, o estudo das dinámicas do turismo e os seus efectos e a análise de ferramentas de xestión no ámbito local. Santiago debe situarse como un destino de turismo consciente e responsable e promover unha visita máis tranquila, completa e respectuosa, e polo tanto máis satisfactoria para turistas, persoas que completan a súa experiencia de peregrinación e a propia veciñanza.

Na fase de diagnóstico deste proxecto combínanse a análise de indicadores obxectivos coa apertura de varias canles de participación cidadá. Neste contexto, os pasados 12, 13 e 14 de

**Concello e
Universidade
traballamos nun
marco estable
de gobernanza
turística**

novembro realizamos na Facultade de Ciencias da Educación tres foros nos que participaron máis de medio cento de entidades ligadas dun xeito ou doutro ao turismo na cidade, dende administracións públicas ou empresas do sector até asociacións veciñais ou culturais. O desenvolvemento, os resultados e as conclusións destes encontros detállanse nesta memoria.

1.2. Obxectivos dos procesos participativos

Os procesos participativos, incluídos na fase de diagnóstico do proxecto, perseguen os seguintes obxectivos:

Os días 12, 13 e 14 de novembro realizamos tres foros participativos

- Presentar aos principais actores da cidade o proxecto de elaboración do Pacto Local e aproximar os produtos parciais nos que se está a traballar, singularmente o que ten que ver coa taxa turística.
- Implicar estes actores no propio proceso de elaboración do Pacto Local e na súa futura gobernanza.
- Complementar o diagnóstico sobre o impacto do turismo en Santiago con indicadores subxectivos baseados na percepción deste actores.
- Contrastar na práctica participativa o modelo de gobernanza (actores, métodos, expectativas, etc) que proporemos ao final do proxecto.
- Recoller propostas e suxestións dos actores.

1.3. Canles de participación e actores

Está prevista a posta en marcha de catro canles de participación diferenciadas:

- Tres foros presenciais dirixidos ás principais entidades e administracións
- Dúas enquisas dirixidas, respectivamente, á cidadanía en xeral e ás persoas que visitan a cidade (turistas)
- Un obradoiro nun centro educativo da cidade
- Un portal web provisto dunha caixa de suxestións.

A través destas canles perséguese o obxectivo de involucrar, en diferentes graos, cinco grandes conxuntos de actores: o sector turístico; o movemento veciñal; outras organizacións cívicas interpeladas polo turismo; organizacións políticas, sindicatos e institucións relevantes na cidade; e a cidadanía non organizada..

1.4. Os foros

Para dar cabo dos obxectivos establecidos confeccionouse unha ampla relación de actores, ben con implicación directa nas actividades turísticas –empresas dos distintos sectores–, ben con algún papel na súa regulación ou na provisión das súas condicións de posibilidade –administracións públicas, grandes equipamentos, transporte, etc– ou ben interpelados polo seu impacto na cidade –asociacións veciñais e culturais, etc–. A relación completa de entidades (84) pode consultarse no anexo correspondente. Na súa elaboración tivéronse en conta experiencias precedentes de participación no ámbito da política turística, así como os órganos de participación en vigor no Concello, a análise da actualidade e un exercicio previo, a cargo do equipo de investigación, de mapeamento de conflitos, intereses e actores arredor do turismo.

Máis de 80 entidades foron convidadas a asistir aos encontros

Para facilitar o encontro de voces e intereses diversos, as entidades foron convocadas de maneira aleatoria –mediante un algoritmo de R-Stats– en tres días sucesivos. Tras algúns pequenos axustes para salvar dificultades de axenda dalgunhas delas, o martes 12 de outubro asistiron 17, o mércores 13 de outubro 16 e o xoves 14 de outubro 15. Os convites foron enviados dende unha conta institucional do Concello de Santiago

con rogo de confirmación, e dende o IDEGA encargámonos de facer unha rolda de contactos telefónicos. Ás entidades facilitóuselle a información básica (horario, localización, temas a tratar, dinámica, etc), pero descoñecían con quen ían compartir cada unha das sesións.

**Seis de cada
catro entidades
acudiron
finalmente á
convocatoria**

Finalmente, asistiron aos foros seis de cada catro entidades (61%). A participación acadou o 100% no caso das empresas da hostalaría e o aloxamento turístico, así como no das entidades culturais. Tamén foi alta, arredor do 70%, entre organizacións políticas, sindicatos e o que consideramos outros operadores turísticos e asociativos. As taxas máis baixas de asistencia, do 40% ou inferiores, rexistráronse entre as administracións públicas, as entidades privadas non turísticas, os axentes ligados ao transporte e as asociacións representativas do comercio local. As negativas expresas a participar, críticas coa propia convocatoria e o proxecto, foron anecdóticas.

A representación de cada colectivo nos foros viña determinada por dous factores: o número de entidades convocadas, moi diferente en cada caso, e o grao de asistencia. Os colectivos con maior representación nos foros resultaron ser finalmente, por esta orde, as asociacións veciñais, outros actores do tecido asociativo, as administracións públicas, as empresas de aloxamento e outros actores do sector turístico. Estas entidades representaron algo máis do 50% das voces.

1.5. Metodoloxía

De acordo cos obxectivos do proxecto, a participación nos foros estruturouse en catro grandes bloques temáticos a abordar nun tempo estimado de 120 minutos:

- Beneficios e prexuízos do turismo
- Implantación da taxa turística
- Prioridades da política turística
- Participación e gobernanza

Gráfico 1. Nivel de asistencia por tipo de actor





Gráfico 2. Grao de asistencia





Cada un dos apartados reproducía, con algunha pequena variación –no caso da taxa engadiuse unha quenda aberta na que as persoas podían deixar constancia das súas dúbidas ou inqedanzas–, unha mesma estrutura, resultado da combinación de dúas ferramentas metodolóxicas con obxectivos diversos.

En primeiro lugar formulábanse unha serie de preguntas que cada unha das persoas debía responder individualmente dende o seu teléfono móbil –mediante o uso dunha aplicación con acceso por ligazón ou código QR– ou, en caso de non poder ou non querer facelo dese xeito, a través de cuestionarios distribuídos en papel. A ferramenta online permite formular moitas preguntas en pouco tempo, ver as respostas en tempo real proxectadas sobre a pantalla –porcentaxes, nubes de palabras, etc– e obter respostas homoxéneas para a súa análise –tanto cuantitativa como cualitativa– e contraste con outras canles de participación como enquisas.



**Os foros
combinaron a
participación
individual
mediante unha
app cos debates
en grupos
reducidos**

A continuación, para pechar cada bloque, abríase un espazo de debate de 15 minutos no que as persoas participantes, organizadas en grupos de menos de cinco persoas confeccionados aleatoriamente, debían consensuar un número limitado de respostas a un interrogante común. Neste caso as preguntas eran máis abertas e as mesas estaban provistas de materiais de soporte para a deliberación. Tratábase precisamente de visibilizar a pluralidade e de estimular o coñecemento sobre as diferentes posicións. Unha persoa de cada grupo asumía finalmente a portavocía para compartir os resultados co foro ao completo, de maneira moi sintética.


O equipo de investigación, ademais de moderar e conducir o desenvolvemento dos tres foros, tomou acta das conclusións acadadas en cada mesa. A esa información engádense os resultados detallados recollidos a través da aplicación e as anotacións que as propias persoas deixaron nos materiais

distribuídos –grandes follas de papel e post-its–, que tamén se conservan. As actas recollen os nomes das persoas asistentes e as entidades que representan, pero ningunha das achegas, nin as formuladas online nin as vertidas nos debates, teñen nome e apelidos. A relación completa de preguntas, así como a escaleta de cada foro, pode consultarse no Anexo 9.3.

Ao final de cada sesión as persoas participantes debían votar entre todas as convocadas para confeccionar a comisión de seguimento do proxecto. Trátase dun grupo representativo para contrastar os avances e resultados, pero en ningún caso é un órgano de decisión nin debe confundirse co que no seu día se propoña para a gobernanza do Pacto Local polo Turismo Sostible de Santiago. Estará composto por catorce entidades, con tres postos natos para as administracións públicas e a Igrexa, considerando a centralidade da catedral nos fluxos turísticos da cidade, e once electos. Antes de proceder á votación, que novamente podía facerse a través do teléfono móbil ou mediante un formulario en papel, as persoas presentes recibían toda a información necesaria sobre o sistema de escolla e os criterios que empregamos para ponderar a representación dos distintos tipos de actores.

**As persoas
participantes
tamén
escolleron unha
comisión de
seguimento**

Gráfico 3. Composición da comisión de seguimento



Woodlap

https://app.woodclap.com/events/FORO12N/0

Correo electrónico | Quiosco | UCC | Cartografía histórica | Datos espaciais (IDE) | Diseño | Cartisolas | Língua e tradución | UNED | UOC | Timeline | Preceder

[← Salir

AS RESPOSTAS NA APP

Ao longo da sesión formularanse unha serie de **preguntas a través do teléfono móbil**, tanto de resposta aberta como de resposta pechada.

Cada pregunta ten un **tempo limitado de resposta**, entre 1 e 2 minutos.

As respostas son **anónimas**, só as asociaremos ao tipo de actor (asociación, administración, empresa, etc) que cadaquén introduza antes de comezar.

XUNTA DE GALICIA | CONSILLO DE SANTIAGO | USC | INSTITUTO DE ENLACE E COORDINACIÓN DE ENSEÑANZAS DE GALICIA | ANTE

Votos: 728 | Mensaxes: 0

Búsqueda



2. Resultados

2.1. Beneficios e prexuízos do turismo

Que lle reporta o turismo a Santiago?

Máis da metade das persoas que participaron nos foros (54,9%) consideran que o turismo proporciona máis beneficios que prexuízos para Santiago de Compostela. Dúas de cada dez (19,6%) opinan que os impactos positivos son tantos como os prexuízos e unicamente un 13,7% afirman, polo contrario, que os efectos prexudiciais son os dominantes. Un 11,8%, por último, evita pronunciarse.

Máis da metade das persoas cre que o turismo xera máis beneficios ca prexuízos


As visións máis críticas son as manifestadas polas asociacións veciñais e culturais, mentres que son a Igrexa, as entidades ligadas ao Camiño de Santiago, as empresas do sector, os sindicatos e as organizacións políticas os que con maior claridade cren que o turismo ten máis beneficios que prexuízos.

Cales son os beneficios?

Os argumentos económicos e culturais, singularmente os primeiros, dominan as visións positivas sobre o turismo entre as persoas participantes nos foros. Economía, riqueza, emprego, diversidade e multiculturalidade destacan entre as palabras clave xunto coas que remiten á proxección internacional de Santiago. A moita distancia, de xeito case anecdótico, emerxen o investimento público ou a atracción de poboación.

O turismo aparece caracterizado na maioría das achegas coma un motor económico, factor de dinamismo e creador de riqueza, con algunha mención esporádica aos servizos ou o comercio. Así mesmo, sublíñase con rotundidade a súa capacidade de xerar emprego, malia a algunha matización sobre a súa baixa calidade.

Gráfico 4. Beneficios e prexuízos do turismo



A proxección internacional que lle reporta a Santiago o turismo sería o terceiro elemento con maior presenza, expresado con múltiples variantes ou derivadas: prestixio, visibilidade, posicionamento, publicidade, etc. Este recoñecemento aparece coma un valor en si mesmo, non ligado a un específico retorno económico.

A masificación do espazo público é o principal impacto negativo

En cuarto lugar poderíanse agrupar os beneficios ligados á cultura, sexa así, como riqueza de ideas e un valor de seu, ou sexa vinculada ás nocións de diversidade, multiculturalidade, cosmopolitismo ou intercambio. Unha persoa engade a esta lista o coñecemento da realidade galega.

O mapa complétano achegas xa minoritarias, cando non puntuais, que se refiren ao incremento dos ingresos das administracións, ás infraestruturas e investimentos públicos asociados ao turismo, á rehabilitación do patrimonio construído, á atracción de veciños e veciñas ou ao capítulo xenérico dos beneficios sociais.

Cales son os prexuízos?

A diferenza do que acontecía cos beneficios, moi concentrados en dous ou tres argumentos e nas dimensións económica e cultural, os prexuízos sinalados polas persoas participantes foron

Exceso de gasto público, ruído e dificultades de acceso á vivanda tamén se destacan

moi diversos. Así e todo, un destaca sobre todos os demais: a masificación, entendida coma a saturación, a conxestión ou o colapso do espazo público –puntual, para algunhas voces– con aglomeracións recorrentes.

Nun segundo grupo, en orde á importancia concedida nas respostas, atopáranse o incremento do gasto público que debe asumir a cidade, coa súa contraparte no deterioro da calidade dos servizos que prestan as administracións; o ruído ao que se ve exposta a veciñanza no seu día a día; a sucidade e o correlativo incremento dos esforzos que se deben facer en materia de limpeza viaria e xestión de residuos; e o impacto sobre o dereito á vivanda, que aparece a través do encarecemento dos alugueiros, as dificultades de acceso a un teito ou o acaparamento do parque residencial por parte dos operadores e as actividades turísticas.

A suba xeral dos prezos ou do custo da vida comparte un terceiro chanzo co risco de perda de identidade, a xentrificación como “expulsión” ou “fuxida” da poboación e todo o relacionado co patrimonio: vandalismo, deterioro ou degradación, danos, mesmo desapego cidadán con respecto ao seu coidado e conservación.

Por último, de maneira moi minoritaria, menciónanse os problemas de mobilidade, tanto en forma de atascos como a través de referencias aos servizos de autobús urbano e taxi; a destrución do comercio tradicional e de proximidade; as faltas de respecto á veciñanza; a pobreza; o carácter disruptivo do turismo; a terciarización extrema da economía local; ou a inseguridade, entre outros elementos.

Debate: cales son os principais beneficios e prexuízos do turismo?

Fronte á proliferación de argumentos das dúas preguntas anteriores, de resposta individual, o debate perseguía un obxectivo fundamental: animar as persoas participantes, organizadas aleatoriamente en pequenos grupos, a priorizar e negociar as súas diferenzas para sintetizar os beneficios e prexuízos do turismo.

Os principais efectos beneficiosos do turismo sinalados na devolución do debate teñen que ver coa súa condición de motor do desenvolvemento económico; a súa capacidade para a

A TURÍSTICA

AS

TANTE

MESES

RISCOS

- Não Atinar ba (Fracas) na investição
- #Passa Erros na repercussão
- Dificuldade na aplicação
- Penalizar a blectivos de Valor



Sete de cada dez persoas están moi ou bastante de acordo coa taxa turística

xeración de emprego de forma directa ou indirecta, sobre todo nos ámbitos da restauración e no sector hoteleiro; e a repercusión positiva nas finanzas públicas a través da tributación. En segundo lugar, destaca a idea de cidade como destino turístico internacional e a diversidade cultural.

En canto aos prexuízos, sinalan principalmente a masificación, destacando zonas concretas en momentos puntuais. Sublíñase a percepción da sobreocupación dos espazos públicos e o colapso de cidade. Considérase que este tipo de situacións poden levar a un custo engadido dos servizos públicos, un aumento xeneralizado dos prezos e unha merma nas condicións de vida da veciñanza, provocando por exemplo problemas de vivenda e mobilidade, xentrificación, destrución do comercio local, etc.

Por último, menciónase que o turismo pode crear problemas de convivencia coa veciñanza debido ao ruído e o lixo na rúa. Tamén identifican como prexuízos máis concretos a falla de regulación de aloxamentos como as VUT e outras actividades turísticas. A fin de contas, a falta de planificación do turismo pode derivar no deterioro dos espazos, do patrimonio e nas condicións de vida das persoas, repercutindo tamén na perda de identidade dos barrios e da cidade.


2.2. A taxa turística

Grao de acordo coa súa implantación

Case sete de cada dez persoas (66,7%) amósanse moi de acordo ou bastante de acordo coa implantación en Santiago de Compostela dun imposto sobre as estadias turísticas, sendo as primeiras, as máis rotundas, máis da metade das que participaron nos foros (51%). Unicamente un 15,7% aseguran estar en desacordo, mentres que un 9,8% evitaron expresar a súa opinión.

Son particularmente favorables á taxa turística as voces do movemento veciñal, as entidades ligadas ao Camiño de Santiago, as do tecido cultural e as relacionadas co transporte. Polo contrario, amósanse completamente contrarias a esta política pública as das empresas pertencentes aos subsectores da hostalaría e o aloxamento.

Gráfico 5. Grao de acordo coa taxa turística



**Servizos,
patrimonio,
mobilidade e
vivenda, as
finalidades
preferidas**

A que debe destinarse a recadación?

Os impostos sobre estadias turísticas adoitan ser tributos finalistas cunha recadación afectada a un abano predeterminado de áreas de gasto. As persoas que asistiron aos foros debían expresar as súas preferencias ordenando unha lista pechada de sete grandes conceptos, un deles denominado xenericamente “Outro destino”.

Asignando unha puntuación de 7 a 1 a cada elemento en función da orde en que figura nas respostas obtemos unha fotografía clara e ponderada. As persoas asistentes preferirían destinar a recadación da taxa turística, por esta orde, a financiar servizos básicos (limpeza viaria, etc); coidar do patrimonio; avanzar na mobilidade sostible; ou garantir o acceso á vivenda por parte da

veciñanza. As opcións menos valoradas consistirían en incrementar a seguridade cidadá, investir en promoción turística ou dedicar os fondos a calquera outra finalidade non recollida nesta lista.

Que axentes deben participar na toma de decisións?

Compensar o gasto público que ocasiona o turismo emerxe como a principal vantaxe

Outro dos elementos críticos no deseño e implementación dunha taxa turística é a gobernanza do gasto. As persoas asistentes podían escoller até cinco actores nunha lista de oito na que se incluían tanto administracións como sectores económicos, institucións ou grandes colectivos cívicos.

A xuízo das persoas participantes, os actores que deben participar nas decisións de gasto da taxa turística en Santiago son, por esta orde, o Concello, o movemento veciñal, as empresas do sector turístico, expertos e expertas que poderían proceder da Universidade e a Xunta de Galicia. Menor apoio reciben o comercio local e outras entidades do tecido asociativo.

Vantaxes e riscos da taxa turística

Na posta en común tras o debate sinálase como vantaxe principal que a recadación da taxa turística poida destinarse a cubrir os sobrecustos dos servizos, é dicir, a compensar o aumento do gasto público que o turismo ocasiona na limpeza das rúas, a seguridade cidadá, etc. Outra vantaxe a destacar é a posibilidade de empregar este tributo como medida ou ferramenta de planificación turística para, por exemplo, incidir na conduta das e dos turistas, xestionar os fluxos ou facer partícipes as persoas visitantes no coidado do patrimonio e a imaxe da cidade.

En canto aos riscos, principalmente sinálanse os problemas que se poidan derivar da mala xestión da recadación e onde se vai investir. Tamén preocupa a posible falta de transparencia e a mala comunicación de cara á sociedade. Sinálanse así mesmo as eventuais desvantaxes competitivas fronte a outros destinos, concellos ou territorios que non implanten un imposto destas características, o risco de prexudicar o turismo de calidade mentres se exime do pagamento o excursionismo e a posible proliferación de aloxamentos non regulados como vía para evitar o tributo.

Táboa 1. Finalidades de gasto da taxa turística

Destino	Puntos
Servizos básicos	256
Coidado do patrimonio	222
Mobilidade sostible	204
Acceso á vivenda	164
Seguridade cidadá	142
Promoción turística	117
Outro destino	88

Táboa 2. Actores para a gobernanza da taxa

Tipo de actor	Votos
Concello de Santiago	41
Movemento veciñal	30
Empresas do sector turístico	28
Persoas expertas	23
Xunta de Galicia	20
Universidade	19
Comercio local	16
Outras asociacións	15
Abstención	8

Dúbdas sobre a taxa turística

Para rematar o bloque dedicado á taxa turística abrimos unha quenda aberta para que as persoas asistentes compartisen as súas inquedanzas. Dúas, por reiteradas, destacan sobre todas as demais: o destino da recadación, unha incógnita que preocupa á maioría, e a xestión da propia taxa, un aspecto no que parece reinar a confusión sobre os papeis que asumirán, respectivamente, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago (recadación, custos de xestión, sancións, etc).

O terceiro conxunto de achegas en orde de importancia, aínda que a unha considerable distancia dos anteriores, ten que ver coa gobernanza. As persoas pregúntanse como se vai fiscalizar o gasto desa recadación, de que xeito se vai singularizar na contabilidade municipal, quen vai participar na toma de decisións e no seu seguimento e como se van garantir tanto a participación cidadá como a transparencia.

**O destino da
recadación e a
xestión do
tributo xeran
interese nas
entidades**

Destacan tamén, en cuarto lugar, as preguntas relacionadas cos fluxos, actividades e establecementos que van ser obxecto da taxa. Algunhas, a maioría, demandan que o excursionismo, que non implica pernoctación, sexa gravado dalgún xeito, o mesmo que o fluxo de visitantes que proceden do Camiño de Santiago. Aparece tamén a inquedanza pola tributación daqueles establecementos en situación de ilegalidade.

O resto das intervencións xiran arredor do importe da taxa –cal vai ser exactamente e con que criterios se vai determinar–, o papel de sector –até agora e en diante– e a necesidade de que se procuren estudos de impacto.

2.3. A política turística

Principais retos do turismo sostible

Unha palabra domina o mapa dos retos construído polas persoas que participaron nos foros: convivencia. Foi, con moita diferenza, a máis repetida durante os tres días. A conciliación entre o turismo e a veciñanza, que para algunhas voces equivale a paz, tranquilidade, respecto ou calidade de vida, é o gran desafío aos ollos das entidades.

Conciliar o turismo coa veciñanza aparece como o grande desafío

A xestión dos fluxos turísticos, e con ela a cuestión da capacidade de carga da cidade, é o segundo reto máis frecuentemente citado. Aparece vinculado aos aforamentos de edificios de interese e espazos públicos ou a colectivos específicos, singularmente a excursionistas e grandes grupos que percorren o Camiño de Santiago.

En terceiro lugar sitúanse unha serie de chamados a mudar ou diversificar o tipo de turista que a cidade recibe maioritariamente. Algunhas, a maioría, baixo o apelativo de “turismo de calidade”, refírense a incrementar a pernoctación ou a estadía media, así coma o gasto que realiza cada persoa. Outras falan sobre a atracción dun turismo familiar ou perfís de tipo cultural, profesional ou de congresos.

Minorar o “estrés patrimonial”, isto é, atenuar o impacto do turismo sobre o patrimonio e reforzar o seu coidado, ocupa a cuarta posición, mentres que a desconcentración, sexa referida aos fluxos, sexa referida á oferta, aparece como o quinto reto máis mencionado. Trátase de evitar que o sistema turístico pivote case exclusivamente sobre a contorna da catedral e os eixes de entrada ao casco histórico polo Camiño.

Desestacionalizar a demanda e mellorar a limpeza viaria encabezan a longa lista de retos que completan este mapa. Nela inclúense tamén, en orde de maior a menor frecuencia, a reacción fronte á perda de identidade ou autenticidade locais, a mellora da mobilidade, a redución de vivendas de uso turístico e albergues, a planificación a longo prazo dunha estratexia turística, o diálogo con todos os axentes involucrados ou a protección do medio ambiente, entre outros.

Cales son os debates máis importantes?

Seis grandes debates figuran, como preocupacións transversais, entre os obxectivos do proxecto que a Universidade de Santiago e o Concello estamos a levar adiante co obxectivo de dotar a cidade dun Pacto Local polo Turismo Sostible. Cando lle preguntamos ás persoas participantes por estas liñas de investigación para que as ordenen segundo a importancia que lle conceden a cada unha, a convivencia nos espazos públicos aparece como a máxima prioridade.

Nun segundo chanzo, case con idéntica relevancia, sitúanse a xestión da mobilidade e os asuntos relacionados co acceso á vivenda e a xentrificación. Por último, e tamén moi parellos, os dous temas restantes, relacionados coas oportunidades turísticas e a desestacionalización, por unha banda, e co comercio local e as empresas pola outra.

Cales son as zonas da cidade con maior presión turística?



As entidades participantes perciben o conxunto do casco histórico como a zona da cidade que máis presión turística sofre, concretamente o 35,94% das persoas que asistiron aos foros. Dentro da améndoa, o 32,8% identifican como zonas de maior presión as inmediacións da Catedral e as prazas do Obradoiro, Praterías e a Quintana.

A maior presión percíbese arredor da Catedral e nos barrios que toca o Camiño

A seguinte zona percibida con maior presión turística son as entradas principais ao casco histórico e que poden formar parte do percorrido do Camiño de Santiago. No seu conxunto, o 25% das persoas participantes identifican estes espazos como ámbitos tensionados, destacando en primeiro lugar a rúa de San Pedro (8% das persoas) e, xa en menor medida, as rúas ou barrios adxacentes como o Ensanche, San Lázaro, Os Concheiros e As Fontiñas. Finalmente, un 3% das respostas non identificaron presión turística sobre a cidade.

As razóns que se sinalan para a identificación das zonas de presión turística son, por exemplo, a masificación do espazo público. No caso da catedral e as rúas e prazas adxacentes, a percepción vese agravada pola tipoloxía de rúas estreitas e as ringleiras de persoas que están a visitar zonas monumentais.

Gráfico 6. Percepción sobre a presión turística



Ademais, engádese a problemática da falta de control sobre o excursionismo e a proliferación de aloxamentos e comercios turísticos. Tamén se identifican as zonas de entrada ao casco histórico, dentro ou próximo ao percorrido do Camiño de Santiago, como zonas masificadas e desbordadas ante a chegada masiva de turistas, provocando malestar acústico nas zonas residenciais. Como resultado, gran parte das respostas sinalan e identifican como principal problema a falta de regulación e xestión sobre os fluxos turísticos.

Prioridades da política turística


En canto á busca de consensos entre os diferentes actores sociais sobre as prioridades da política turística destacan a desestacionalización da actividade turística; a diversificación da oferta; a deslocalización dos espazos de atracción; e a mellora da mobilidade. Outra prioridade importante é a procura do equilibrio da convivencia entre a veciñanza e as persoas visitantes, aplicando medidas normativas, recuperando espazos públicos para a cidadanía e humanizando os horarios comerciais.

**Demándase
unha oferta
menos
estacional e
concentrada no
espazo**

As intervencións fixeron fincapé máis polo miúdo en cuestións como mellorar a planificación e xestión do excursionismo, incrementar a oferta cultural e de ocio, facilitar a mobilidade e a conectividade entre os medios de transporte (aeroporto e ferrocarril) pensando tamén na veciñanza, crear unha mesa de turismo plural e estable, promover a colaboración público-privada entre os diferentes entes implicados e promover outros destinos e tipos de turismo (congresos, eventos, etc).

En definitiva, demándase un turismo “de calidade” e sostible consensuado coa cidadanía. Ao mesmo tempo, establecer unha gobernanza e transparencia que atinxa a toda a sociedade, a través de políticas turísticas que busquen o equilibrio entre o turismo e a vida da cidade.

Gráfico 7. Grao de satisfacción coa participación na política turística



2.4. A gobernanza turística

Grao de satisfacción coa participación

Algo máis da metade das persoas participantes (53%) declaran sentirse pouco ou nada satisfeitas co nivel de participación cidadá nas políticas turísticas, fronte ao 29,4% que se consideran bastante ou moi satisfeitas. Chama a atención o elevado grao de abstención nesta pregunta: o 17,6%.

As maiores cotas de satisfacción atopámolas entre as persoas que representan administracións públicas, empresas do sector turístico, entidades culturais e, en menor medida, organizacións políticas. No lado máis crítico destacan a Igrexa, as asociacións ligadas ao Camiño de Santiago, o comercio, o movemento veciñal e os actores vencellados á mobilidade.

Máis da metade das persoas decláranse pouco ou nada satisfeitas coa participación

Expectativas sobre o Pacto Local

As expectativas sobre este proxecto e a ferramenta do Pacto Local, cando as hai e se expresan –algunhas voces din non esperar nada–, son diversas. Poden agruparse en tres categorías: aquelas que teñen que ver coa gobernanza do turismo, as que se dirixen máis ben cara ao goberno municipal en exclusiva e as que apelan, por último, aos resultados da política turística.

As primeiras, as maioritarias, amosan interese no reforzamento dos mecanismos de diálogo e na construción de consensos; na mellora das canles de participación para todos os axentes, non só para os estritamente involucrados no sector turístico; e na posta en marcha de mecanismos de información e transparencia. Apélase á necesidade de abrir debates, implicar a pluralidade de voces, chegar a acordos de mínimos e, nalgún caso, diminuír a crispación.

**Reclámanse
mecanismos de
diálogo,
participación,
información e
transparencia**

Nun segundo nivel detectamos expectativas que se enfocan, sobre todo, no Concello de Santiago como institución máis próxima á cidadanía. Son as que esixen melloras na xestión, determinación na toma de decisións, realismo e eficacia nos plans, responsabilidade, visión estratéxica, acerto, compromiso ou cooperación con outros niveis da administración pública.

Por último, nun terceiro conxunto poderíamos situar todas aquelas achegas que reclaman, coa mellora da convivencia por diante, mudanzas nos impactos do turismo na cidade: desestacionalización, rutas alternativas, investimentos, normativas claras ou melloras no transporte, a sinalética e os servizos públicos.

Cabe subliñar que moitas das expectativas formuladas apuntan a unha idea trasladada tamén de maneira informal por algunhas entidades ao seren convocadas: acusan un certo cansazo e queren que a participación, sempre benvida mais tamén esixente, se traducise en resultados e estratexias sostidas no tempo.

Propostas de mellora

A principal proposta é unánime entre as mesas: dotar dun órgano de participación cidadá estable e permanente con reunións

Un órgano de participación permanente e estable é a proposta unánime

periódicas no que poidan participar todos os actores sociais, onde se plasme a rendición de contas con total transparencia cara a veciñanza. En menor medida, sinalouse que o sector do turismo tivese unha maior participación nos procesos de gobernanza, por exemplo, que se inclúa no consello de administración de Turismo de Santiago ou realizar reunións sectoriais.

Sínalase como unha proposta de mellora contar con persoas expertas que sexan coñecedoras dos aspectos teóricos e prácticos para levar a cabo todo o que se propoña nos procesos de participación. Tamén indican que debe haber unha colaboración público-privada e que o Pacto Local debe transcender e perdurar independentemente da cor política do goberno, apuntando a algunha sorte de pacto entre as organizacións políticas.

Recoméndase tamén atraer “turismo de calidade”, reforzar outros espazos da cidade e mellorar a mobilidade e contextualizar e singularizar Compostela para abordar a súa situación. Outra demanda é a recuperación dunha concellería dedicada ao casco histórico, debido a que é un espazo turisticado, masificado ou ameazado. Menciónase, por último, a grande importancia da veciñanza nos procesos de participación e na toma de decisións, especialmente á que reside no cidade antiga.

2.5. Comisión de seguimento

Como resultado da votación, e tras resolver por sorteo os empates –novamente, mediante unha función de R-Stats–, a comisión de seguimento estaría integrada, de aceptaren, polas seguintes entidades:

- Concello de Santiago (membro nato)
- Xunta de Galicia (membro nato)
- Igrexa (membro nato)
- Unión Hotelera Compostela
- Asociación Hostelería Compostela
- Aviturga
- Asociación Galega de Guías (Agagui)
- Clúster de Turismo de Galicia

- Pazo de Congresos e Exposicións
- Asociación Veciñal Casco Histórico
- Asociación de Veciños A Xuntanza
- Universidade de Santiago
- COGAMI
- Asociación Cultural Cidade Vella

A elección da comisión demostrou ser, alén da función inmediata deste órgano, un exercicio interesante. Axudou a visibilizar a pluralidade e complexidade que pode acadar un debate sobre o turismo na cidade, amosou certas preferencias entre as persoas participantes e puxo en evidencia, a través da abstención e os comentarios informais, un relativo descoñecemento do tecido que existe máis alá da zona de confort de cadaquén.

A continuación reproducense os resultados completos da votación.

**Os empates
entre entidades
da mesma
categoría foron
resoltos
mediante sorteo**

Unión Hotelera Compostela (18)
Asociación Hostelería Compostela (17)
Aviturga (8)

Hostalaría.gal (6)
Asociación de Campings de Galicia (3)
Asociación de Bares, Pubs e Discotecas (2)

Asociación Galega de Guías (14)
Asociación Profesional de Guías de Turismo (9)
Profesionais do Turismo de Galicia (9)

Clúster de Turismo de Galicia (19)
Asociación Galega de Organizadores Profesionais de Congresos (9)
Asociación Galega de Axencias de Viaxes (4)

Pazo de Congresos e Exposicións (6)
Unión de Consumidores de Galicia (6)
Asociación de Usuarios do Mercado de Abastos (3)
Comercio Punto Compostela (3)
Compostela Monumental (3)
Asociación de Usuarios do Mercado de Abastos (2)
Mercado de Abastos Soc. Coop. (2)
Tussa (2)

Asociación de Asalariados do Taxi (1)
Asociación Galega de Inmobiliarias (1)
Centro Superior de Hostelería de Galicia (1)
Cidade da Cultura (1)

Asociación Veciñal Casco Histórico (21)
Asociación de Veciños A Xuntanza (14)
Asociación Veciñal Casco Histórico Fonseca (11)
Amigos de San Pedro (4)
Monte do Gozo (Amio-San Lázaro) (3)
Raigame do Ensanche (3)
Ferusa (2)
Santa Marta-Choupana (2)
As Marias (1)
Asociación Rego das Pedras (1)
Conxo Aberto (1)
Espazo Veciñal de Sar (1)
Plataforma de Galeras (1)
Río Sarela de San Lourenzo (1)

Universidade de Santiago (18)
COGAMI (8)
Comité Asesor dos Camiños de Santiago (7)
Ateneo de Santiago (6)
Cámara de Comercio de Santiago (6)
Confederación de Empresarios (5)
CIG (4)
Consello do Estudantado USC (2)
Federación de Asociacións Galegas de Amigos dos Camiños de Santiago (2)
Fundación RIA (1)

Asociación Cultural Cidade Vella (8)
Apatrigal (8)
Federación Galega de ANPAS Compostela (8)
A Gentalha do Pichel (5)
Asociación Cultural O Galo (3)
A Troita Armada (2)

3. Conclusións

Catro ideas condensan unha experiencia que consideramos produtiva e conforme aos obxectivos

A realización dos tres foros participativos foi, en definitiva, unha experiencia proveitosa dende o punto de vista dos obxectivos cos que os abordamos. Tanto polo **razoable grao de asistencia** como pola **boa predisposición** amosada durante os encontros –a adaptación á metodoloxía foi plena–, cremos satisfactoria a resposta das entidades. Cómpre valorar o seu **esforzo** e tomar en consideración os **sinais de cansazo**, nos que se expresa unha demanda: procesos de participación con resultados verificables que non se convertan en rituais periódicos e redundantes.

Con respecto ao desenvolvemento das sesións e os seus resultados, xa debullados con detalle nos capítulos precedentes, destacamos **catro conclusións**:

- As achegas das entidades compoñen en conxunto unha **visión ponderada e maioritariamente positiva do papel do turismo en Santiago** na que se aprecian, non obstante, **importantes diferenzas** entre os axentes do sector e as entidades cívicas. Fronte a uns beneficios xenericamente asociados á dinamización económica e a creación de emprego, as voces identifican con maior nitidez un amplo **repertorio de externalidades negativas encabezado pola presión sobre o espazo público, a vida cotiá e os servizos públicos**.
- A **taxa turística** goza dun **amplo apoio entre as entidades**, con resistencias escasas e moi localizadas, pero está arrodeada aínda por unha notable **incerteza**. Dous parecen ser os **retos** considerados principais. Dun lado, a súa adecuada **implantación**, que debe ser **áxil** na súa posta en marcha, **sinxela** na súa aplicación e **transparente** na súa xestión e as súas finalidades, nas que **se priorizan a mellora dos servizos básicos, o coidado do patrimonio e a mobilidade sostible**. Da

outra, a súa futura **gobernanza**, que se espera **participativa** e con implicación do Concello, o movemento veciñal, o sector turístico, as persoas expertas e a Xunta de Galicia. O **excursionismo** emerxe, por último, coma o **gran punto cego** desta política pública.

- A convivencia ou **conciliación entre as actividades turísticas e a vida cotiá da cidadanía**, obxectivo último do Pacto Local polo Turismo Sostible, parece ser tamén o grande desafío para as entidades participantes. Polo demais, **a desconcentración, a desestacionalización e a diversificación**, ademais da **xestión de fluxos**, emerxen como as principais respostas á percepción, dominante, de que **o casco histórico e as entradas do Camiño amosan síntomas de saturación**.
- A **insatisfacción co grao de participación cidadá** no deseño das políticas turísticas é elevada, especialmente entre os actores menos involucrados habitualmente. Reclámase **espazos e mecanismos estables** para a participación, **maior diversidade** nas voces que se incorporan aos debates e **decisións estratéxicas duradeiras, transparentes e fiscalizables**.

Os resultados
sumaranse aos
das enquisas e
consultas con
persoas
expertas

Os resultados dos foros veranse enriquecidos no futuro inmediato cos que se obteñan da realización das enquisas e sumaranse ás conclusións da xornadas científicas e a análise de indicadores obxectivos para completar a fase de diagnóstico do proxecto. Esta será a base sobre a que se realizarán as propostas para o futuro Pacto Local polo Turismo Sostible de Santiago de Compostela.

4. Anexos

4.1. Entidades convocadas

- A Gentalha do Pichel
- Asociación Cultural e Gastronómica A Troita Armada
- Aeroporto de Lavacolla (AENA)
- Centro Comercial Área Central
- Arquidiócese de Santiago de Compostela
- Asociación Área Empresarial do Tambre
- Asociación Cultural Cidade Vella
- Asociación Cultural O Galo
- Asociación de Hostelería Compostela
- Asociación de Asalariados do Taxi
- Asociación de Bares, Pubs e Discotecas
- Asociación de Cármpings de Galicia
- Asociación de Usuarios do Mercado de Abastos (ASUCA)
- Asociación de Veciños do Casco Histórico
- Asociación de Veciños A Xuntanza
- Asociación de Veciños da Cidade Histórica Fonseca
- Asociación de Veciños de Conxo Aberto
- Asociación de Veciños de Lavacolla Activa
- Asociación de Veciños de Santa Marta-Choupana
- Asociación de Veciños do Monte do Gozo (Amio-San Lázaro)
- Asociación de Veciños do Río Sarela de San Lourenzo
- Asociación de Veciños Francisco García Beiro
- Asociación de Veciños Raigame do Ensanche

- Asociación de Veciños As Mariás
- Asociación de Veciños Rego das Pedras
- Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA)
- Asociación Empresarial do Barrio de San Pedro
- Asociación Galega de Antropoloxía (AGANTRO)
- Asociación Galega de Autocaravanas (AGA)
- Asociación Galega de Axencias de Viaxes (AGAVI)
- Asociación Galega de Guías (AGAGUI)
- Asociación Galega de Inmobiliarias (AGALIN)
- Asociación Galega de Organizadores Profesionais de Congresos (OPC GALICIA)
- Asociación para a Defensa do Patrimonio de Galicia (APATRIGAL)
- Asociación Profesional de Guías de Turismo (APIT)
- Asociación de Amigos de San Pedro
- Ateneo de Santiago
- Biblioteca Universitaria da USC
- Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- Cámara de Comercio
- Centro de Estudos Turísticos (CETUR) da USC
- Centro Superior de Hostelería de Galicia
- Cidade da Cultura
- Clúster de Turismo de Galicia
- Comercio Punto Compostela
- Comisións Obreiras (CCOO)
- Comité Asesor dos Camiños de Santiago
- Compostela Aberta (CA)
- Compostela Monumental
- Concello de Santiago
- Confederación de Empresarios de Galicia
- Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

(COGAMI)

- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Consello do Estudiantado da USC
- Consello Económico e Social de Galicia (CES)
- Consorcio de Santiago
- Delegación do Goberno en Galicia
- Deputación da Coruña
- EM-REDE
- Escola UNITARIA
- Espazo veciñal de Sar
- Federación galega de ANPAS Compostela (FANPA)
- Federación de Asociacións Galegas de Amigos dos Camiños de Santiago
- FERUSA
- Fundación Catedral de Santiago
- Fundación Ria
- Fundación Santiago Centro
- Hostalería.gal
- Mercado de Abastos SOC. COOP.
- Partido Popular (PP)
- Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)
- Pazo de Congresos e Exposicións
- Plataforma de Galeras
- Profesionais do Turismo de Galicia (PROTURGA)
- Radio Taxi
- RENFE
- Santiago de Compostela Convention Bureau
- Turismo de Galicia
- TUSSA
- Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL)
- Unión Hotelera Compostela

- Unión Xeral dos Traballadores (UXT)
- Universidade de Santiago de Compostela (USC)

4.2. Entidades asistentes

- Arquidiócese de Santiago de Compostela
- Asociación Cultural O Galo
- Asociación de Cármpings de Galicia
- Asociación de Veciños da Cidade Histórica Fonseca
- Asociación de Veciños de Raigame do Ensanche
- Asociación de Veciños Monte do Gozo
- Asociación de Veciños Rego das Pedras
- Asociación de Veciños A Xuntanza
- Asociación de Veciños As Mariás
- Asociación de Veciños Espazo Veciñal de Sar
- Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA)
- Asociación Empresarial do Barrio de San Pedro
- Asociación Galega de Autocaravanas (AGA)
- Asociación Galega de Axencias de Viaxes (AGAVI)
- Asociación Galega de Guías (AGAGUI)
- Asociación Galega de Inmobiliarias (AGALIN)
- Asociación Galega de Organizadores Profesionais de Congresos (OPC Galicia)
- Asociación Hostalería Compostela
- Asociación para a Defensa do Patrimonio de Galicia (APATRIGAL)
- Asociación Profesional de Guía de Turismo (APIT)
- Ateneo de Santiago
- Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- Cámara de Comercio
- Cidade da Cultura

- Clúster de Turismo de GALICIA
- Comercio Punto Compostela
- Comisi3ns Obreiras (CCOO)
- Compostela Aberta (CA)
- Concello de Santiago
- Confederaci3n Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
- Confederaci3n Gallega de Empresarios de Hostelería y Turismo
- Confederaci3n Intersindical Galega (CIG)
- Consorcio de Santiago
- Federaci3n de Asociaci3ns Veciñais do Rural de Santiago (FERUSA)
- Federaci3n Galega de ANPAS Compostela (FANPA)
- Federaci3n Galega de Asociaci3ns do Camiño de Santiago
- Fundaci3n Ría
- Hostalería.gal
- Partido Popular (PP)
- Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)
- Pazo de Congressos
- Plataforma de Galeras
- Radio Taxi
- Santiago de Compostela Convention Boreau
- Turismo de Galicia
- Turismo de Santiago
- TUSSA
- Uni3n Hotelera Compostela
- Uni3n Xeral de Traballadores (UXT)

4.3. Cuestionario completo

1.- A que tipo de entidade representas?

Marca unha das respostas.

- Aloxamento
- Hostalaría
- Outra actividade turística
- Administración pública
- Partido político
- Sindicato
- Igrexa
- Comercio
- Asociación veciñal
- Entidade cultural
- Camiño de Santiago
- Universidade
- Transporte
- Outro actor público
- Outro actor privado
- Outro actor asociativo

BLOQUE 1: BENEFICIOS E PREXUÍZOS DO TURISMO

2.- Que lle reporta o turismo a Santiago?

Marca unha das respostas.

- Máis beneficios ca prexuizos
- Tantos beneficios como prexuizos
- Máis prexuizos ca beneficios

3.- Cales son os beneficios do turismo para Santiago?

Responde con palabras clave.

4.- Cales son os prexuízos do turismo para Santiago?

Responde con palabras clave.

5.- Debate en grupo: cales son os principais beneficios e os principais prexuízos do turismo?

Cada grupo consensúa tres beneficios e tres prexuízos.

BLOQUE 2: TAXA TURÍSTICA

6.- Expressa o teu grao de acordo coa implantación da taxa turística.

Marca unha das respostas.

- Moi de acordo
- Bastante de acordo
- Pouco de acordo
- Nada de acordo

7.- A que debe destinarse a recadación da taxa turística?

Ordena as respostas numerándoas por preferencia.

- Promoción turística
- Servizos básicos (limpeza, etc)
- Coidado do patrimonio
- Acceso á vivenda
- Mobilidade sostible
- Seguridade cidadá
- Outro destino

8.- Que axentes deben participar na toma de decisións de gasto?

Marca cinco entre as seguintes respostas.

- Concello de Santiago
- Xunta de Galicia
- Movemento veciñal
- Empresas do sector turístico
- Universidade
- Outras asociacións
- Comercio local
- Persoas expertas

9.- Debate en grupo: cales son as principais vantaxes e os principais riscos da taxa turística?

Cada grupo consensúa tres vantaxes e tres riscos.

10.- Deixa constancia das túas dúbidas a respecto da taxa turística.

Resposta aberta.

BLOQUE 3: POLÍTICA TURÍSTICA

11.- Cales son os principais retos do turismo sostible en Santiago?

Resposta aberta.

12.- Cales che parecen os debates máis importantes?

Ordénaos por prioridade.

- Convivencia nos espazos públicos
- Xestión ambiental e economía circular
- Xestión da mobilidade
- Comercio local e empresas

- Oportunidades e desestacionalización
- Xentrificación e vivenda

13.- Indica cal é a zona da cidade que sofre máis presión turística e por que.

Resposta aberta.

14.- Debate en grupo: cales deben ser as prioridades da política turística en Santiago?

Cada grupo consensúa tres prioridades.

BLOQUE 4: GOBERNANZA

15.- Expresa o teu grao de satisfacción coa participación na política turística.

Marca unha das respostas.

- Moi satisfeito/a.
- Bastante satisfeito/a.
- Pouco satisfeito/a.
- Nada satisfeito/a.

16.- Que esperas do Pacto Local polo Turismo Sostible de Santiago?

Resposta aberta.

17.- Debate en grupo: propostas de mellora da participación na política turística.

Cada grupo consensúa tres propostas de mellora.

ELECCIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

18.- Marca dous dos seguintes actores:

- Asociación de Campings de Galicia
- Unión Hotelera Compostela
- Asociación de Bares, Pubs e Discotecas
- Asociación Hostelería Compostela
- Hostalaría.gal
- Aviturga

19.- Marca un dos seguintes actores:

- Asociación Galega de Guías (AGAGUI)
- Asociación Profesional de Guías de Turismo (APIT)
- Profesionais do Turismo de Galicia (PROTURGA)

20.- Marca un dos seguintes actores:

- Asociación Galega de Axencias de Viaxes (AGAVI)
- Asociación Galega de Organizadores Profesionais de Congresos (OPC Galicia)
- Clúster do Turismo de Galicia

21.- Marca un dos seguintes actores:

- Centro Superior de Hostelería de Galicia
- Cidade da Cultura
- Pazo de Congresos e Exposicións
- Unión de Consumidores de Galicia
- Aeroporto
- Tussa
- Renfe
- Radio Taxi

- Asociación de Asalariados do Taxi
- Asociación Galega de Inmobiliarias (Agalin)
- Asociación Empresarial do Barrio de San Pedro
- Comercio Punto Compostela
- Compostela Monumental
- Fundación Santiago Centro
- Em-Rede
- Área Central
- Mercado de Abastos Soc. Coop
- Asociación de Usuarios do Mercado de Abastos

22.- Marca dous dos seguintes actores:

- Ferusa
- Asociación de Veciños A Xuntanza
- Amigos de San Pedro
- As Mariás
- Asociación Veciñal Casco Histórico
- Asociación Veciñal Casco Histórico Fonseca
- Conxo Aberto
- Espazo Veciñal de Sar
- Monte do Gozo (Amio-San Lázaro)
- Raigame do Ensanche
- Río Sarela de San Lourenzo
- Santa Marta-Choupana
- Plataforma de Galeras
- Asociación Rego das Pedras
- Asociación Veciñas Francisco García Beiro
- Lavacolla Activa

23.- Escolle dous dos seguintes actores:

- Bibliotecas universitarias

- Ateneo de Santiago
- Consello do Estudantado da USC
- COGAMI
- Comité Asesor dos Camiños de Santiago
- Federación de Asociacións Galegas de Amigos do Camiño de Santiago
- Fundación RIA
- CIG
- CCOO
- UGT
- Universidade de Santiago
- Confederación de Empresarios
- Asociación Área Empresarial do Tambre

24.- Escolle un dos seguintes actores:

- A Troita Armada
- Asociación Cultural Cidade Vella
- Asociación Cultural O Galo
- Agantro
- A Gentalha do Pichel
- Escola Unitaria
- Apatrigal
- Federación Galega de ANPAS Compostela

